

Tarefa 5.4. Engade unha tarefa con rúbrica no tema 2 do curso



Tarefa 5.4. Engade unha tarefa con rúbrica no

tema 2 do curso

Obxectivos da tarefa

1. Coñecer os distintos tipos de actividades que ofrece Moodle
2. Experimentar a creación de "tarefas" e a súa avaliación con "rúbricas".

Como realizar esta tarefa

1. Accede ao espazo de prácticas, facendo clic no enlace "**Aula virtual de prácticas**" que aparece no bloque da esquina superior dereita deste curso.
2. Identifícate co usuario e contrasinal que che foi asignado para o teu usuario "**profesor**".
3. Pulsa (fai clic) sobre o nome do teu curso, o que creaches e configuraches nas tarefas anteriores
4. Activa o **modo edición**.
5. No **tema 2** do teu curso, pulsa no enlace "**Engadir unha actividade ou un recurso**" e engade unha "**Tarefa**" coas seguintes características:

- **Nome da tarefa** = "Tarefa 1"
- **Descrición** = Neste apartado debes escribir o texto co enunciado da tarefa. Aquí debes explicar en que consiste a tarefa e como queres que a realicen os alumnos. En concreto, nesta tarefa debes pedirles aos teus alumno que fagan un traballo relacionado co **tema 2** do teu curso e que entreguen este traballo nun ficheiro con formato PDF.
- **Disponibilidade** = Neste apartado debes desmarcar todas as casillas, non debe haber nada seleccionado.
- **Tipos de entrega** = "Entregas de ficheiros"
- **Cualificación** = Método de cualificación = "Rúbrica".

6. Todos os demais campos déixaos cos valores por defecto.
7. Pulsa o botón "**Gardar e volver ao curso**"
8. Crea unha **rúbrica** para avaliar esta tarefa.
Usa a **rúbrica de exemplo** do apartado "**5.11 A rúbrica como método de avaliación das tarefas**" deste curso.

Como enviar esta tarefa despois de realizada

Unha vez realizada a tarefa, debes enviala para corrixir seguindo estes pasos:

1. Entra na aula virtual de prácticas, identificándote co teu usuario "profesor" e entra no teu curso.
2. Copia a **dirección URL do teu curso** que aparece na barra de direccións do teu navegador de internet .
3. Pulsa o botón "**Engadir entrega**" que aparece na parte inferior desta tarefa.
4. Pega a **dirección URL** que copiaches anteriormente no recadro de texto que aparece aquí, en "engadir entrega".
5. Finalmente pulsa o botón "**Gardar os cambios**".